

Área: Competicións

Circular nº 22 - Temp. 20/21

PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO CONCENTRACIÓNS MINIBALONMÁN

Ante o comezo das competicións alevíns e benxamíns que se disputan por concentración, compre recordar que deben cumprir co PROTOCOLO FISICOVID-DXT Galego , e incidimos nos seguintes aspectos:

- **CUMPRIMENTO PROTOCOLO:** O cumprimento do protocolo anti-covid non é tan só responsabilidade do club organizador, se non de todos/as os/as participantes; da responsabilidade individual e colectiva dependerá a eficacia das medidas adoptadas.
- **VENTILACIÓN:** debemos tratar de ventilar o máximo posible a instalación, antes, durante e despois da actividade.
- **USO DA MÁSCARA:** Ao igual que as demais categorías, todos os/as presentes deberán facer un uso responsable da mesma, e non debemos sacala nin para dar indicacións aos/ás deportistas, debemos ser un exemplo para os/as mais cativos/as.
- **EVITAR AGLOMERACIÓNS:** a mobilidade das persoas para acceder á pista debe estar debidamente sinalada, tratando de crear fluxos de persoas que eviten atascos e aglomeracións; o ideal se a instalación o permite é que a porta de entrada non sexa a mesma que a de saída. Ademais será clave que os/as responsables de cada equipo xestionen correctamente os tempos de espera, recomendamos que os equipos se sitúen na grada debidamente sentados e con distancia, de non ser posible é preferible que saian ao exterior do pavillón.
- **PERSOAS EN PISTA:** dentro da pista tan só deben estar os/as deportistas, staff técnico, colectivo arbitral e responsables de organización, en caso de que se permita público debe situarse na grada cumprindo a normativa vixente.
- **CONSUMO DE COMIDA DENTRO DA INSTALACIÓN:** ninguén debe consumir comida dentro da instalación, tan só a bebida imprescindible para a hidratación durante o xogo. Recordamos que cada xogador/a debe levar a súa botella de auga e debe estar debidamente identificada.

- **BANCOS:** a distancia nos bancos entre deportistas debe ser a lo menos de 1,5 metros, debemos colocar cadeiras en caso de que sexa necesario e sempre e cando sexa posible.

En Vigo a 26 de Marzo de 2021.